

Programación do curso


Abordando a ciencia en infantil e primaria

P1902008

José M. Viñas	18 de outubro. 16:30-20:30h
Patricia Barciela	19 de outubro 10:00-14:00h 16:00-20:00h

Lugar: Aula 2.2 do CFR de Pontevedra

Duración curso: 12h



Asesora de educación Infantil e Primaria

Roser Villar Moreno
roses@edu.xunta.es

Outubro- 2019

Abordando a ciencia en infantil e primaria

Patricia Andrea Barciela Durán

Licenciada e doutora en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago. En 1995 incorporouse ao equipo técnico dos Museos Científicos Coruñeses e en 1998 asumiu a dirección técnica da Domus. Participou na organización de todas as actividades deste museo, como exposicións, conferencias, cursos e obradoiros. Especializada en temas relacionados co ser humano, colabora habitualmente con diversos medios de comunicación, entre os que destacan A Voz, Heraldo de Aragón e Radio Voz.

José Manuel Viñas Diéguez

Licenciatura de Bioloxía na Universidade de Santiago de Compostela, especialidade Zooloxía (1986-1991). Profesor de ensino secundario dende o ano 1997 en centros de Narón, Neda, As Pontes e Cambre, participando en equipos directivos durante 5 anos. Coordinador do Club de ciencia do IES David Buján dende setembro de 2012 ata a actualidade. Primeiro Premio. Categoría Bioloxía data do recoñecemento abril de 2014 Entidade emisora do recoñecemento Virtual Science Hub European Schoolnet. Descrición do recoñecemento na Elaboración dunha práctica seguindo o método indagativo.

Programa “Abordando a ciencia”

- **Sesión venres 18 de outubro 16:30-20:30 h (4 h)**

Sesión 1- SnackLab

Experimentos cortos e sorprendentes sobre ciencia e tecnoloxía que se propoñen como un xeito de atraer aos alumnos cando comencemos un novo tema.

- **Sesión sábado 19 de outubro, 10:00-14:00 h (4 h)**

Sesión 2- BiblioLab

Exploramos o mundo dos contos e o mundo da ciencia xuntos. Un conto máis un experimento é unha combinación única que nos introduce na ciencia dun xeito diferente. Unha iniciativa para facer da biblioteca un novo espazo para facer ciencia.

- **Sesión sábado 19 de outubro 16:00-20:00 h (4 h)**

Sesión 3- TecnoLab

Circuitos de papel: montaremos circuitos simples ou complexos sobre papel. Con cinta condutora e LEDs crearemos circuitos totalmente operativos nunha tarxeta de felicitación, unha figura de papiroflexia ou unha construción de papel tipo “pop-up”. A imaxinación de cadaquén e o único límite.

Circuitos textiles: con fío condutor, pilas e LEDs poderemos crear circuitos brandos que se integren nun tecido. É unha mestura de materiais que combina as técnicas tradicionais de manualidades coas máis novas tecnoloxías. É tamén unha forma lúdica de entender o funcionamento dos circuitos eléctricos creando proxectos propios.